



## Paula Jaricot e o Domund

Paulina Jaricot naceu en 1799, na cidade francesa de Lyon. O seu pai era un rico fabricante de sedas.

Cando ela e o seu irmán eran pequenos, soñaban con ser misioneiros. Pero Paulina medrou rodeada de luxos e esqueceuse do seu soño. Converteuse nunha moza presumida e era o centro de atención nas festas.

Un día, na igrexa escoitou falar da importancia de comprometerse e compartir para ser feliz. Máis adiante, recibiu unha carta do seu irmán, que xa era misioneiro; nela pedíalle axuda para os pobres de China.

As palabras que escoitou na igrexa e a carta do seu irmán chegaronlle ao corazón e espertáronlle a necesidade de comprometerse e compartir para ser feliz.

Paulina comezou a visitar enfermos nos hospitais, a compartir o seu diñeiro cos pobres...

Para axudar as misións, creou unha asociación chamada **Obra da Propagación da Fe**, formada por grupos de persoas que recollían donativos. Así naceu o **Domund**.

Unha vez foi acusada de quedar con parte dos donativos. Paulina sufriu moito por esta falsa acusación. Pero, pola súa fe en Deus, seguiu comprometéndose coas misións e cos pobres. Morreu en 1862.

En 1999, o Papa San Xoán Paulo II nomeouna venerable, é dicir, admirada pola Igrexa polo seu grande exemplo de vida cristiá. Ademais, é considerada a iniciadora dos misioneiros laicos e a fundadora do Domund.

### Descubro palabras

O **Domund**, ou **Domingo Mundial das Nacións**, celébrase o penúltimo domingo de outubro, para que os católicos do mundo colaboren coas misións. Cos donativos recollidos mércanse alimentos e constrúense templos, escolas, hospitais...

## Comento a lectura e reflexiono

- 1 Que che gustou máis da historia?
- 2 Que che ensinou a vida de Paulina Jaricot?
- 3 Describe o que acontece nos debuxos.
- 4 Pensa nalgunha persoa que coñezas que confía en Deus e axuda os demais, e conta que fai, a quen axuda, etc.

